


A 28ª reunión do Consello Económico do MMO tivo lugar o 13/12/2018, coa participación de expertos da cadea de subministración de leite: CEJA (mozos agricultores), COPA-COGECA (produtores e cooperativas), ECVV (Vía Campesina), EMB (Consello Europeo de Produtos Lácteos), EDA (industria de produtos lácteos), Eurolait (comercio de produtos lácteos) e Eurocommerce (venta polo miúdo). As presentacións e información intercambiadas durante a reunión amosaron o seguinte:

- As entregas de leite da UE aumentaron en xaneiro-outubro de 2018 o 1,2%. A recollida de leite contraeuse un 0,4% en outubro, con FR, NL, IT e DE liderando as caídas. No lado da expansión, IE informou un aumento de 111 000 t en Outubro (+ 20%), seguido por PL con + 26 000 t. O contido de graxa e proteína do leite diminuíu nos últimos 5-6 meses. A produción LDP é o 1,5% inferior aos niveis do ano pasado. A produción de manteiga aumentou 1,6% e a de queixo o 0,4%.
- Os prezos medios do leite en granxa na UE melloraron durante cinco meses, alcanzando os 35,8 c / kg en outubro. É un 3,7% superior á media de cinco anos. Espérase unha estabilidade nos prezos para os próximos meses.
- Os prezos dos produtos lácteos baseados en proteínas experimentaron un impresionante aumento ata o momento en 2018: + 27% para soro de leite en po + 16% para LDP. Os prezos dos produtos baseados en graxa tamén melloraron aínda que nunha menor taxa (+ 2% tanto para manteiga como para leite enteira en po. O prezo do queixo, polo contrario, diminuíu pouco en xeral (coa excepción do emmental). A taxa de cambio US\$/EUR evolucionou de forma vantaxosa nos últimos meses. O LDP da UE foi o máis competitivo desde agosto, impulsando as exportacións a terceiros países. Os prezos da manteiga da UE converxen un pouco con estes en EE. UU., pero aínda están moi por riba de Nova Zelandia, o principal exportador mundial.
- Feron vendidas parte das 277 000 t de LDP en existencias de intervención pública, quedando un nivel de stock total lixeiramente superior a 100 000 t.
- A avaliación dos niveis de existencias da UE baseada nun enfoque residual (produción + importacións - consumo - exportacións) amosa un nivel normal de existencias privadas de LDP (~ 100 000 t) para un mercado un tanto desabastecido de produtos frescos. As existencias de manteiga son un pouco máis altas tras unha caída do consumo no verán (debido ás altas temperaturas e prezos) pero a situación é considerada normal. As existencias de queixos fóronse acumulando desde a primavera, xa que a industria favoreceu a produción de queixo + soro sobre a manteiga + LDP.
- A oferta mundial de leite continúa expandíndose, pero a unha taxa de crecemento sostible. A produción combinada de leite no mundo aumentou un 1,3% en xaneiro-setembro de 2018 coa UE subministrando a metade do leite adicional. As maiores taxas de crecemento rexístranse en Sur América. A produción de Nova Zelandia disparouse nos últimos meses rumbo a unha temporada forte, a pesar dunha previsión de baixada dos prezos do leite.

- As exportacións globais combinadas superan os niveis de xullo de 2017. A demanda de queixo é sólida (cun notable espazo para un maior crecemento en Asia) pero a competencia é forte, principalmente a de Estados Unidos (aumentando produción e stocks). O comercio de manteiga global está a aumentar modestamente, debido á baixada das exportacións da UE por prezos non competitivos (excepto para paquetes de venda polo miúdo). A Ucraína xorde como un destacado exportador de manteiga. O comercio de LDP está en expansión, impulsado polos baixos prezos mundiais (EE. UU. ata o de agora é o máis beneficiado, pero a UE estao alcanzando rapidamente nos últimos dous meses). As exportacións canadenses de LDP aumentaron tras a introdución da clase de leite 7. As exportacións da UE de soro de leite crecen a un ritmo bastante estable. As exportacións globais de crema amosan sinais de estabilización este ano tras un acusado aumento en 2017.
- A promoción (con financiamento da UE) de beber leite en PT está logrando un maior consumo. Aínda así, o descenso das vendas polo miúdo de leite en po son cada vez máis estruturais na UE. O caso da manteiga (aumento de Valor das vendas debido aos altos prezos, a pesar de haber un menor consumo) aínda está presente, pero é menos relevante que nos últimos meses. O queixo é xeralmente o produto que amosa un desempeño máis saudable a nivel de venda polo miúdo.
- A Comisión presentou as últimas perspectivas a medio prazo, proxectando un aumento da produción de leite na UE de 16 millóns de toneladas cara ao 2030, evolucionando conforme as demandas ambientais e sociais. A UE podería ocupar unha posición exportadora líder no mercado global de produtos lácteos onde a demanda nos países africanos e asiáticos segue en expansión.
- A Comisión presentou unha actualización das tendencias de consumo de produtos lácteos. A carteira evolucionou notablemente na última década coa aparición de leite en po enriquecida en graxa. As bebidas vexetais gañaron algo de cota de mercado do leite, pero a nivel moi baixo. En cambio, as vendas polo miúdo de margarina seguen quedando moito por detrás das de manteiga.
- A situación do mercado considérase relativamente equilibrada, cun crecemento razoable da produción global e unha evolución satisfactoria da demanda. Os prezos da graxa e das proteínas están cada vez máis preto.

Nota: Documento traducido ao galego pola Asociación Galega Terra e Leite.




source : Estat - Newcronos

Last update : Jan-Oct

Oct 18 compared to Oct 17


Rank	evolution in %		evolution in 1000 Tons	
	MS	%	MS	Tons
1.	IE	+ 20.2%	IE	+ 111
2.	BG	+ 8.3%	PL	+ 26
3.	EL	+ 8.2%	DK	+ 9
4.	RO	+ 7.9%	RO	+ 7
5.	MT	+ 4.4%	UK	+ 5
6.	CY	+ 3.5%	EL	+ 4
7.	PL	+ 2.8%	BG	+ 4
8.	LU	+ 2.2%	CZ	+ 2
9.	DK	+ 2.0%	LU	+ 1
10.	CZ	+ 0.7%	CY	+ 1
11.	UK	+ 0.4%	ES	+ 1
12.	EE	+ 0.3%	BE	+ 1
13.	BE	+ 0.2%	EE	+ 0
14.	ES	+ 0.1%	MT	+ 0
15.	DE	- 0.5%	PT	- 1
16.	PT	- 0.7%	SK	- 1
17.	HU	- 1.3%	SI	- 1
18.	FI	- 2.0%	HU	- 2
19.	SK	- 2.3%	LV	- 2
20.	SE	- 2.5%	HR	- 4
21.	IT	- 3.1%	FI	- 4
22.	SI	- 3.2%	LT	- 4
23.	LT	- 3.3%	SE	- 6
24.	LV	- 3.7%	AT	- 13
25.	FR	- 3.9%	DE	- 13
26.	AT	- 5.0%	IT	- 29
27.	NL	- 5.5%	NL	- 64
28.	HR	- 9.7%	FR	- 78
	EU28	- 0.4%	EU28	- 52

EU Raw Milk Prices Evolution (up to October 2018)




Source : MS' communications under Reg. (EU) No 2017/1185 Article 12(a) - Annex II.4(a)

Raw Milk Price evolution in October 2018 compared to October 2017



* : estimated figures for Oct 2018

Milk Prices paid to the Producers EU (weight. avg.)



Source : Member States Reg. (EU) No 2017/1185 Article 12(a) - Annex II.4(a))